

Para evitar visitas innecesarias, revise e comprobe que trae toda a documentación esixida para a súa situación persoal, familiar e económica a 31/12/2019

ANEXO I debidamente cuberto e asinado.

- a) **Anexo II** para a comprobación de datos dos membros computables da unidade familiar. No caso de que a persoa solicitante e/ou os membros computables **se opoñan a esta consulta**, deberán indicalo no cadro correspondente, ademais de achegar os documentos xustificativos:
- DNI ou NIE
 - Declaración do imposto sobre as persoas físicas ou, a falta deste, o certificado tributario de imputacións no exercicio 2019.
 - Certificado do grao de discapacidade recoñecido pola Xunta de Galicia
 - Percepción de pensión por incapacidade permanente total, absoluta ou gran invalidez, ou de pensión de clases pasivas por xubilación ou retiro por incapacidade permanente para o servizo ou inutilidade (equivalente a unha discapacidade igual ao 33%)
- b) **Se o solicitante posúe DNI ou NIE:**
- Copia do libro de familia ou equivalente onde figuren todos os membros computables.
 - En caso de **separación ou divorcio**, ademais deberan achegar a sentenza xudicial e/ou convenio regulador onde conste a atribución da custodia do/a menor.
- Excepcionalmente, no caso de que o solicitante careza de DNI ou NIE, poderase acreditar o número de membros computables utilizando algún dos seguintes medios:
- Copia do libro de familia ou equivalente onde figuren todos os membros computables.
 - Certificado ou volante de convivencia.
 - Informe dos servizos sociais ou do órgano equivalente do concello onde resida a familia.
- Nos casos especiais en que a composición da unidade familiar non se axuste ao sinalado no artigo 4.1 desta orde, achegárase un certificado ou volante de convivencia en que deberán figurar o/a alumno/a e todos os familiares que convivan con el/ela, ou un certificado dos servizos sociais do concello que acredite a situación familiar.
- c) **Certificado de discapacidade do/da alumno/a ou calquera membro da familia** non expedido pola Administración autonómica.
- d) **Documentación xustificativa da situación de violencia de xénero no ámbito familiar**, en calquera das formas que enumera o artigo 5 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.
- e) **Resolución xudicial de incapacitación con patria potestade prorrogada ou rehabilitada.**
- f) **Resolución administrativa ou xudicial acreditativa da situación de acollemento** ou do certificado do centro de menores, para o alumnado en situación de tutela ou garda da Xunta de Galicia.
- g) **Certificado de convivencia, volante de convivencia ou informe dos servizos sociais** ou do órgano equivalente do concello onde resida a familia, **no caso de que o pai e a nai ou o titor ou titores carezan de DNI e NIE.**

En todo caso, os documentos deberán ser válidos e eficaces no momento da súa presentación, e reflectir a situación persoal, familiar e económica a 31 de decembro do 2019, agás no caso de violencia de xénero, en que se aplicará o disposto na lexislación específica.

Gracias pola súa colaboración